

SPG A GAVELA
CARTA DE ACEPTACIÓN DE PRINCIPIOS

- **DATOS DO SOLICITANTE**
- Nome da entidade: **Da nosa horta**
- Nomes das persoas implicadas: **Héctor Núñez González**
- Contactos: (TLF e mail) **665673275 danosahorta@gmail.com**
- Ubicación: **Rúa frondoal 111 hío limens Cangas do Morrazo (Pontevedra)**

- **DESCRIPCIÓN ACTIVIDADE.**

Xénese

DanosaHorta xurde da inquedaanza no noso seo familiar pola alimentación variada e saudable, o coidado da natureza e a contorna, e a conciliación laboral e familiar coma filosofía de vida.

Creemos que un cambio de hábitos alimenticios é posible. Somos partidarios dos artigos de temporalidade e km 0, que garanten a máxima calidade e sabor dos produtos de cultivo xa que respectan o ciclo de maduración dos froitos nas propias plantas, evitando a conservación en grandes cámaras que fan uso de gases de maduración.

Cultivamos a partir do bo facer dos nosos devanceiros, sen pecharnos as fórmulas máis modernas e innovadoras e facendo un uso racional, respetuoso e sustentable dos recursos naturais. Así, o noso proxecto alicérgase na rotación e asociación de cultivos, eludindo de xeito natural as posibles pragas e rexeitando radicalmente o uso de abonos e pesticidas químicos.

O abonado da nosa horta é 100% natural, animal e vexetal, na súa maior parte humus de vermes que se alimentan da reciclaxe dos refugallos vexetais dos nosos fogares.

Emprazamento

Estamos na rua do frondoal 111, limens en Cangas do Morrazo (Pontevedra), preto de dunas e mar e arroupados do vento do norte nun fermoso val, nunha contorna privilexiada na que a temperatura media e moi suave practicamente todo o ano. Se queres contactar con nós o noso correo electrónico é danosahorta@gmail.com e o noso número de teléfono é o 665 673

Xénero

En DanosaHorta dedicámonos basicamente ao cultivo de diferentes variedades de amorodos asociados a outros cultivos protexendose entre si, conseguindo así ter colleitas dende marzo ata case novembro. Sen embargo, como xa dixemos, non somos partidarios do monocultivo polo que tamén temos outro tipo de legumes e hortalizas. Contacta con nós e te informaremos sen compromiso.

- **COMPROMISO DE ACEPTACIÓN DAS BASES DO SPG**

As abaixo firmantes declaran como propios, ou no seu caso comprométense a acadar os seguintes principios:

- Participar activamente no SPG: asistir ás assembleas (mínimo dúas por ano) e ás visitas correspondentes (tres anuais que poderán facerse nun día ou en días diferentes según organización dos grupos correspondentes).
- Actividade que non implique beneficio baseado na explotación das persoas.
- Respetar a dignidade da terra, dos animais e das prantas, e respetar asemesmo a saúde das persoas produtoras e consumidoras.
- Prohibición de compaxinar actividade en ecolóxico e en convencional (agás pequenas tendas según valoración da assemblea).
- Transparencia na actividade, acceso libre ás zonas de traballo, tanto para os grupos de verificación como para público en xeral.
- Apoio mutuo entre os membros do SPG, rexeitamento a competir baixando prezos.
- Preferencia polos circuitos curtos: venda directa e local.

- **COÑECEMENTO DO REGULAMENTO INTERNO**

As abaixo firmantes declaran coñecer e aceptar o regulamento interno do SPG A

Gavela

Lugar e data

Asinado

En cangas do morrazo a 6 de decembro de 2016

Héctor Núñez González